

ANEXO	ENTIDADE DE PERTENZA
CURSO: BÁSICO DE PROTECCIÓN LOCALIDADE: CENTRO DE ESTUDOS XUDICIAIS E SEGURIDADE PÚBLICA DE GALICIA	
1. SOLICITANTE	
Apelidos:	Nome: DNI:
Data de nacemento: Teléfonos de contacto:	
Enderezo particular:	
Rúa:	Concello: Provincia:
2. DATOS PROFESIONAIS	
Corpo de procedencia: Clase de persoal:	
Categoría:	
Grupo de pertenza dentro do corpo:	
Ano de entrada no corpo:	
Enderezo do posto de traballo:	
3. INFORME DO XEFE DO CADRO DE PERSOAL OU DO CONCELEIRO DELEGADO	
Vista a solicitude presentada polo interesado, declaro que o funcionario se atopa en activo, e ten a miña autorización para asistir ao curso	
Lugar e data	Sinatura e selo do órgano informante
	Asdo:
4. DECLARACIÓN	
Declaro, pola miña honra:	
Que son certos todos os datos que figuran nesta solicitude	
Sinatura do/da solicitante: de de 200.....	
5. SELECCIÓN	
Vista a solicitude presentada polo/la interesado/a, o órgano conxunto de selección, resolveu	
<input type="checkbox"/> seleccionalo/a <input type="checkbox"/> non seleccionalo/a Sinatura e selo do órgano seleccionador:	
Lugar e data:	Asdo:

Director do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia

Resolución do 11 de abril de 2005 pola que se convoca un curso de condución de seguridade de turismos.

Dentro das actividades programadas para o ano 2005 e conforme as funcións atribuídas pola Lei 1/2005, do 4 de xaneiro, do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, anúnciase a celebración dun curso de condución de seguridade de turismos, que deberá desenvolverse conforme as seguintes bases:

Obxectivos.

-Coñecer as teorías e as técnicas básicas sobre posición, manexo do volante e trazado de curvas, para unha condución segura.

-Saber como operan os vehículos con diferentes traccións e sistemas de freada.

-Dominar diversas manobras evasivas de seguridade, aplicadas na protección de persoas.

Destinatarios.

O curso vai dirixido aos membros dos corpos de policía local dos concellos de Galicia e aos membros da Unidade do CNP adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia, que non teñan feito ningunha das edicións anteriores sobre este mesmo curso.

Inscrición.

A inscrición dos participantes será totalmente gratuíta.

Prazas.

20 prazas por edición.

Solicitudes.

1. O persoal que desexe participar neste curso deberá presentar, cuberta a máquina ou con letra moi clara, a instancia que figura no anexo.

2. O prazo para a presentación de instancias rematará o día 3 de maio de 2005, ás 14.00 horas.

3. As instancias deberán enviárselles ao Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, sito na avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada; ou ben poden entregarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Edicións.

Este curso terá dúas edicións, correspondendo a cada unha delas horario de mañá ou de tarde.

Datas.

O curso realizarase en datas do 9 ao 13 de maio.

O horario será das 9.30 ás 13.30 horas para a primeira edición e en horario das 16.00 ás 21.00

horas para a segunda edición que rematará o día 28 de abril; cunha duración de 20 horas lectivas cada actividade ou edición deste curso.

Contido.

I. Teorías básicas sobre conducción: posición, manexo do volante, pneumáticos, trazado de curvas.

II. Tipos de tracción, derrapaxes, manobras evasivas de seguridade.

III. Técnicas de conducción de seguridade na protección de persoas.

Relación de admitidos.

A relación de admitidos farase pública o día 5 de maio a partir das 14.00 horas, no taboleiro de anuncios do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, ou ben poden coñecer e confirmar a súa asistencia chamando ao teléfono 986 59 00 21.

Lugar.

O curso desenvolverase no Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, sito na avenida da Cultura, s/n, no concello da Estrada.

Certificado de aproveitamento.

Ao remate de cada edición entregaráselle un certificado de aproveitamento a aquelas persoas que acrediten a súa participación continuada a el, e superen as correspondentes probas de coñecementos.

Modificacións.

O Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia poderá modificar o desenvolvemento normal do curso para adaptalo ás necesidades da Administración e ás contingencias que poidan xurdir.

A Estrada, 11 de abril de 2005.

José Antonio Vázquez Taín
Director do Centro de Estudos Xudiciais
e Seguridade Pública de Galicia

ANEXO

ENTIDADE DE PERTENENZA	CURSO: CONDUCCIÓN DE SEGURIDADE DE TURISMOS LOCALIDADE: CENTRO DE ESTUDOS XUDICIAIS E SEGURIDADE PÚBLICA DE GALICIA
1. SOLICITANTE	
Apelidos:	Nome:
DNI:	
Data de nacemento:	Teléfono/s de contacto:
Enderezo particular:	Provincia:
Rúa:	Concello:
2. DATOS PROFESIONAIS	
Corpo de procedencia:	Clase de persoal:
Categoría:	Grupo de pertenza dentro do corpo:
Ano de entrada no corpo:	Enderezo do posto de traballo:
3. INFORME DO XEFE DO CADRO DE PERSOAL OU DO CONCELLEIRO DELEGADO	
Vista a solicitude presentada polo interesado, declaro que o funcionario se atopa en activo, e ten a miña autorización para asistir ao curso	
Lugar e data	Sinatura e selo do órgano informante
	Asdo:
4. DECLARACIÓN	
Declaro, pola miña honra:	
Que son certos todos os datos que figuran nesta solicitude	
..... de de 200.....
Sinatura do/a solicitante:	
5. SELECCIÓN	
Vista a solicitude presentada polo/a interesado/a, o órgano conxunto de selección, resolveu	
<input type="checkbox"/> seleccionalo/a	<input type="checkbox"/> non seleccionalo/a
Sinatura e selo do órgano seleccionador:	
Lugar e data:	Asdo:

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 14 de abril de 2005 pola que se convoca un curso básico en materia estatística en colaboración co Instituto Galego de Estatística.

Ao abeiro do convenio de colaboración subscrito entre o Instituto Galego de Estatística e a Escola Galega de Administración Pública, que ten por obxecto o desenvolvemento dun curso, en cumprimento do Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, aprobado polo Decreto 295/2004, do 25 de novembro, convócase o curso referido no anexo I desta resolución, que se desenvolverá conforme as seguintes bases:

Primeira.-Solicitudes.

1. O persoal que desexe participar no curso programado, deberá solicitalo coa presentación da instancia que, como modelo oficial, se recolle no anexo II desta resolución.

2. As solicitudes irán dirixidas ao director do Instituto Galego de Estatística (IGE) e presentaranse no seu rexistro, complexo administrativo San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela, ou nas dependencias que se sinalan no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG e será de 15 días naturais.

Segunda.-Acceso ás actividades.

Poderá participar o persoal que cumpra os requisitos esixidos no referido anexo I.

Terceira.-Certificados de asistencia.

É obrigatoria a asistencia a todas as sesións do curso. Toda ausencia deberá ser xustificada debidamente polo interesado. A falta de asistencia, aínda que sexa xustificada, de máis do 15% das horas lectivas programadas impedirá a expedición da certificación de asistencia e dará lugar á baixa no curso coa perda de todos os dereitos.

Cuarta.-Modificacións.

Os órganos convocantes resérvanse a facultade de interpretar e resolver as incidencias que puidesen xurdir no desenvolvemento do curso, así como de

cancelalo se o escaso número de solicitudes ou outras causas sobrevidas imposibilitasen a súa realización. As ditas circunstancias comunicaránselles, de ser o caso, aos solicitantes.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2005.

Domingo Bello Janeiro
Director da Escola Galega de Administración
Pública

ANEXO I

I) Curso teórico-práctico sobre fontes e ferramentas estatísticas básicas.

1. Obxectivos.

Proporcionar coñecementos básicos en estatística pública, as súas fontes e ferramentas, de cara á correcta utilización dos instrumentos adecuados para a recollida de datos, o seu tratamento e posterior utilización na elaboración de informes.

2. Destinatarios.

Persoal de calquera administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Selección.

Os criterios de selección suxeitaranse ás directrices sinaladas na Resolución do 11 de febreiro de 2004, pola que se fan públicos os criterios de participación nas actividades da EGAP (DOG nº 34, do 18 de febreiro).

A relación de seleccionados para participar no curso expoñerase nos taboleiros do IGE e da EGAP.

4. Desenvolvemento.

4.1. Duración: 33 horas.

4.2. Lugar: Instituto Galego de Estatística, complexo administrativo San Lázaro, rúa San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela.

4.3. Datas: 30 e 31 de maio, 1, 6, 7, 8, 13, 14, 15, 20 e 21 de xuño de 2005.

4.4. Horario: das 16.30 ás 19.30 horas.

4.5. Prazas: un máximo de 20.

5. Contido.

O sistema estatístico público. Organización e normativa. Ferramentas informáticas. Estatística descritiva. Representación gráfica de datos. Fases no desenvolvemento de operacións estatísticas. A información estatística sobre Galicia en internet: os web de contido estatístico.